

O globo de Shakespeare. **Jaureguizar**

A Santiago Jaureguizar gústalle armar polémica, algo que con frecuencia consegue a través do seu blog *Cabaret Voltaire*. A súa xa longa traxectoria –deuse a coñecer no 1995 coas narracións *Freedom spik*, ás que lle seguiron títulos como *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998) ou *Casa Skylab* (2003), que lle valeu o Premio Xerais– foino levando cara a unha novela marcada polas tramas de intriga e, sen dúbida, a súa recente *O globo de Shakespeare* (editada por Xerais e Premio Terras de Melide) marca un significativo avance nese proceso de exercicio formal. Articulada arredor das obras do dramaturgo británico, con personaxes debuxados mediante poderosas pinceladas expresivas, liñas argumentais que van e veñen polo labirinto do tempo, Jaureguizar (Bilbao, 1965) crea unha novela de aparente sinxeleza aínda que, nas entreliñas, poda adiviñarse que o discurso do escritor vai máis alá, cunha reflexión aberta sobre o espectáculo pero tamén sobre a propia materia literaria, que é a que constrúe, de arriba a abaixo, esta novela de nostalgia británica con paisaxe de Ribadeo ao fondo.

